

Servizo de Sanidade Ambiental

Asunto	SOLICITUDE DE INFORME SOBRE O ESTUDO DE IMPACTO AMBIENTAL
Proxecto	PARQUE EÓLICO ZAMORRA
Promotor	GREEN CAPITAL POWER, S.L.
Localización	CONCELLO DE AGOLADA (PONTEVEDRA)
Expediente	IN408A 2019/21

SOLICITANTE: Servizo de Enerxía e Minas de Pontevedra de Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

FEITOS :

O Servizo de Enerxía e Minas de Pontevedra de Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación con data 27/09/2021 e número de rexistro de entrada 2021/1779101, presenta unha solicitude de informe, en relación ao estudo de impacto ambiental do proxecto de referencia.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

1. Solicitude de informe ao amparo do artigo 37.2 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, no procedemento de consultas ás Administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas.

2. Na elaboración do presente informe tense utilizado de forma ampla entre outra a seguinte documentación:

- La salud en la evaluación de impactos ambientales. Guía metodológica. Sociedad Española de Sanidad Ambiental (SESA). 2011.
- Modificación do Plan Sectorial Eólico de Galicia. 2002.
- Recomendación do Consello 1999/519/CE, de 12 de xullo de 1999, relativa á exposición do público en xeral a campos electromagnéticos.
- Guías sobre medio ambiente, salud y seguridad para la transmisión y distribución de electricidad. Corporación Financiera Internacional (IFC) – Grupo del Banco Mundial. 2007.

- Guías sobre medio ambiente, salud y seguridad para la energía eólica. Corporación Financiera Internacional (IFC) – Grupo del Banco Mundial. 2015.
- International Legislation and Regulations for Wind Turbine Shadow Flicker Impact. 7th International Conference on Wind Turbine Noise. Rotterdam – 2nd to 5th May 2017.
- Guía técnica de Alemania "Hinweise zur Ermittlung und Beurteilung der optischen Immissionen von Windenergieanlagen (WEA-Schattenwurf-Hinweise. Federal/State Working Group for Immission Control (LAI), Notes on the determination and evaluation of optical immissions from wind turbines – (January 23, 2020).
- Acuerdo para la gestión integral del uso del SF6 en la industria eléctrica más respetuosa con el medio ambiente representados por AFBEL, las compañías de transporte y distribución de energía eléctrica representadas por REE y UNESA y los gestores autorizados residuos de gas SF6 y de equipos que lo contienen, para una gestión integral del uso del SF6 en la industria eléctrica más respetuosa con el medio ambiente. 2015-2020.
- Real Decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano.
- Real decreto 865/2003, do 4 de xullo, polo que se establecen os criterios hixiénico-sanitarios para a prevención e o control da lexielose.

De acordo con todo o indicado, emítase o seguinte

INFORME:

1. ANTECEDENTES

O presente informe realízase avaliando se, no estudo, se tiveron en conta, se identificaron e se valoraron os posibles impactos no medio ambiente que, segundo a evidencia científica dispoñible, puidesen ter unha repercusión na saúde humana.

É importante ter en conta que a presenza dunha fonte contaminante non é suficiente para que exista un risco para a saúde, xa que para iso ten que haber unha vía de exposición completa é dicir, unha fonte, medios ambientais e mecanismos de transporte, un punto e a vía de exposición e unha poboación receptora.



Así mesmo, o proxecto sometido a estudio é unha actividade regulada por un procedemento xeral de autorización recollido nunha normativa específica co obxecto de avaliar que a súa construción se realice co menor custo ambiental posible, establecendo mecanismos para o control e vixilancia durante as fases de construción, explotación e abandono. Polo que de cumprirse os estándares establecidos debería de asegurarse a ausencia de efectos significativos sobre a saúde das persoas.

A avaliación do posible impacto do proxecto na saúde humana, a través do medio ambiente, realízase por tanto nas seguintes fases:

- Caracterización da poboación en situación de risco.
- Determinación dos potenciais perigos.
- Identificación das posibles vías de exposición.

No seu caso, a avaliación poderá incluír a necesidade de medición da exposición específica da poboación a algunha posible fonte contaminante ou da necesidade do deseño dun estudo de avaliación de risco para a saúde do proxecto.

O presente informe realízase sobre a documentación achegada sen prexuízo de que unha vez coñecidas as alegacións das demais administracións públicas afectadas, público ou persoas interesadas que se podan presentar se tivera que ampliar ou modificar o alcance da avaliación.

2. AVALIACIÓN

2.1.- Caracterización da poboación en situación de risco.

Refírese que o parque eólico Zamorra localízase no termo municipal de Agolada (Pontevedra) na área de desenvolvemento eólico denominada Serra da Orrea, incluída dentro do plan sectorial eólico de Galicia, concretamente nos paraxes de "Monte de Serra", "Monte de Sesto", "A Costa de Oural" y "Coto de Amance", onde se tiveron en conta ademais de criterios enerxéticos, factores medioambientais e socioeconómicos referentes aos núcleos de poboación.

Neste senso, refírense un estudo xeral do medio socioeconómico e características sociodemográficas dos núcleos poboacionais, indicando a ausencia de establecementos



vulnerables (escolares, sanitarios e de servizos sociais) no ámbito dos 2.000 m en torno aos aeroxeneradores do Parque.

Da revisión dos mapas e datos que se incorporan ao proxecto e dunha valoración non exhaustiva empregando o programa QGIS, no que se empregan os mapas do Plan Nacional de Ortografía Aérea PNOA e do catastro, compróbase que a vivenda mais próxima atópase a unha distancia de 545 mts do aeroxenerador ZA-05.

2.2.-Determinación dos potenciais perigos.

Neste apartado realízase unha identificación dos principais perigos potenciais asociados a esta actividade recollidos na bibliografía consultada e a comprobación de se se teñen avaliado no estudio.

a) Contaminantes.

- Augas residuais.
- Gases dos motores dos vehículos e da maquinaria.
- Outros gases: hexafluoruro de xofre (SF6) empregado nos equipos eléctricos.
- Po e partículas, procedente de movemento de terras, voaduras e desprazamento de vehículos e maquinaria.

b) Ruído e vibracións orixinados por escavacións, movemento de camións e maquinaria, voaduras puntuais, construción das infraestruturas e funcionamento das turbinas eólicas.

c) Residuos perigosos e non perigosos xerados nas distintas fases do proxecto.

d) Produtos perigosos empregados nas instalacións e no mantemento das mesmas, e os residuos xerados na súa eliminación, entre outros: Aceites minerais, combustibles, gases illantes (SF6), Fitosanitarios (Herbicidas), Biocidas (protectores da madeira), etc.

e) Electrocución.

f) Campos electromagnéticos xerados polas instalacións.

g) Parpadeo de sombras (Shadow Flicker).

h) Outros:



- Pragas e vectores.
- Arrastre de sedimentos.
- Incendios.
- Vertidos accidentais.
- Outras emerxencias.

2.3.- Identificación das posibles vías de exposición

Neste apartado valórase se se identifican adecuadamente as posibles vías de exposición ou transmisión así como a existencia de medidas construtivas ou correctoras para interromper a dita exposición.

2.3.1 Aire

Considérase no documento que o impacto na alteración da calidade do aire non vai a ser significativo, limitándose este impacto á fase de construción do parque.

- Identifícanse emisións de po e partículas na fase de obra como consecuencia da obra civil (movemento de terras, escavacións, cimentacións, etc.) e da circulación de vehículos, estimando a cantidade xerada de partículas e establecendo que os efectos sobre a saúde humana non son significativos, pola súa escasa magnitude e polas distancias existentes as entidades de poboación no seu entorno próximo. Refiren medidas protectoras e protocolo de vixilancia e seguimento ambiental ao respecto, como por exemplo regos periódicos, limitar a velocidade máxima dos vehículos nos camiños de acceso á obra a 30 km/h ou que os camións que transporte de materiais ou terras deberán estar cubertos con lonas e sistemas de lavado de rodas dos camións a saída das obras.
- No caso da realización de voaduras refiren emprego de retacado material granular ou tacos hidráulicos, así como a incorporación de captadores nos equipos de perforación que diminúan a produción de po no barrenado, así como a utilización de técnicas apropiadas que manteñan a seguridade e que diminúan os niveles de ruído e vibracións que se orixinen.
- Identifícanse emisións de gases de combustión dos motores de vehículos e maquinaria durante a fase de obra debido ao tráfico inducido na zona e da maquinaria asociada a dita fase. Refiren medidas protectoras e protocolo de vixilancia e seguimento ambiental a través dun control periódico de emisións.



- Refiren o emprego de gases illantes como o hexafluoruro de xofre (SF_6), gas sintético e inerte que se emprega nos sistemas eléctricos do parque. Indicase o seu emprego en celas de envolvente metálica con illamento en gas SF_6 , de execución prefabricada, no edificio de seccionamento.

- Ruído e vibración

Avalían a calidade acústica pre-operacional co obxecto de determinar a calidade acústica de partida polo método de actividades (referidos a Táboa B1, Anexo III, RD 1367/2007) e para sectores do territorio con predominio do solo de uso residencial, analizando 3 puntos de control en horario diurno, para os cales en ningún punto dos analizados se supera o valor de LAeqT de 55 dB.

Identifican a xeración de ruído durante a fase de obra, derivado das actividades da mesma, do funcionamento da maquinaria e durante a fase de explotación, derivado principalmente do funcionamento das turbinas.

- Faise unha estimación teórica da xeración do ruído durante a *fase de obra*, establecendo os valores para cada proceso de obra e presentando os resultados por orde de magnitude acústica ao respecto dos procesos de obra de cimentacións, instalación de aeroxeneradores, centro de seccionamento, apertura de gabias, tendido de media tensión, etc., en relación aos limiares de protección establecidos na lexislación (tipo de área acústica "a": Sectores do territorio con predominio de solo de uso residencial", segundo o Anexo III do RD 1367/2007. Os valores acadados nas entidades de poboación afectadas en fase de obras atópanse en valores inferiores a 55 dB (A), índice acústico establecido como valor máximo para sectores do territorio con predominio de uso residencial para horario diurno.

- No referente á *fase de funcionamento*, faise un modelado do nivel sonoro do parque partindo dos niveis sonoros xerados pola turbina e referidos polo fabricante, en relación aos limiares establecidos na lexislación e a distancia aos núcleos de poboación da contorna, empregando un programa de cálculo do mapa de son, establece as isófonas de 45 dB (horario nocturno), de forma que para os aeroxeneradores obxecto de estudo, non se atopa ningunha edificación afectada polas mesmas.



Indicase o establecemento no Plan de Control e Vixilancia Ambiental, a realización de controis de nivel acústico, tanto en fase de obras como de explotación do parque eólico nunha serie de puntos establecidos.

Con respecto ao ruído, non presenta xustificación do criterio de elección dos puntos de control respecto da vixilancia en fase de obra e en fase de explotación, e especialmente que non se argumenta porque non se ten en consideración para a súa elección como puntos de control as dúas edificacións máis próximas aos aeroxeneradores ZA-04 e ZA-05:

- Edificación a 550 mts do aeroxenerador ZA-04 (coord. UTMX: 576844; UTMY: 4742021).
- Edificación a 545 mts do aeroxenerador ZA-05 (coord. UTMX: 579308; UTMY: 4741703).

Presentase en proxecto, un estudo do nivel de ruído exterior emitido polo edificio prefabricado de formigón correspondente ao centro de seccionamento, en canto ao ruído emitido ao exterior debido ao funcionamento do transformador situado no seu interior. Para dito estudo empregan o software CYPECAD MEP, obténdose uns valores de inmisión de ruído exterior de: Laeq,d: 46 dBA; Laeq,e: 46 dBA e Laeq,n: 46 dBA, que dada a distancia a edificación e entidades de poboación próximas, non se prevé afección acústica ao respecto dos limiares establecidos pola lexislación vixente.

Faise unha avaliación do posible efecto acumulativo ou sinérxico en relación aos outros parques liñas eléctricas e estacións eléctricas na contorna no que conclúe que entre eles e ás vivendas máis próximas, non se estima que podan producirse afeccións acústicas neste senso.

Os criterios empregados para os cálculos teóricos e do modelado dos niveis de ruído, así como aqueles a considerar en relación aos criterios normativos nas medicións de control a incluír no programa de vixilancia ambiental, son ámbito de competencia dos organismos con atribucións en materia de contaminación acústica.

- Campos electromagnéticos

O parque eólico Zamorra dispón de sete (7) aeroxeneradores de 4500 kW de potencia unitaria, resultando unha potencia total de 31,5 MW, infraestruturas de evacuación do parque, rede de media tensión a 30 kV con cableado e rede de terras enterrado en gabias e



centro de seccionamiento (a través do cal evacuarase a enerxía xerada polos aeroxeneradores).

No referente aos campos electromagnéticos, no estudo presentado dos mesmos toman como referencia os limiares establecidos no R.D. 1066/2011, do 28 de setembro, polo que se aproba o Regulamento que establece condicións de protección do dominio público radioeléctrico, restricións ás emisións radioeléctricas e medidas de protección sanitaria fronte a emisións radioeléctricas. De acordo ás recomendacións europeas sitúase o límite de 5 kV/m e 100 μ T respectivamente ao respecto de campos eléctricos e campos magnéticos, en zonas onde os cidadáns pasen un lapso de tempo significativo.

Ao respecto dos campos electromagnéticos xerados polos aeroxeneradores, presentanse valores para tensións de traballo de 30 kV, de forma que debido ao apantallamento que xera o aceiro da parede das torres dos aeroxeneradores, o campo magnético no exterior das torre (zonas de posible circulación de persoas alleas a instalacións) é practicamente nulo. Con respecto aos aeroxeneradores, faise ademais mención ao cumprimento con respecto do establecido na normativa internacional da Comisión Electrotecnica Internacional 61000 Electromagnetic Compatibility (EMC).

Ao respecto do campo eléctrico xerado polos condutores de media tensión subterráneos na gabiá, estes presentan a pantalla metálica dos propios cables que non permite a difusión do campo eléctrico, polo que na superficie o valor do campo eléctrico é inferior aos 5 kV/m. En canto aos valores de campo magnético, estimase que os valores acadados a unha distancia de 1 metro do centro e a 1 metro sobre o chan, atópanse entorno a 1 μ T.

En canto a valoración de campo magnético no Centro de Seccionamento, presentan estudo (Anexo nº4 – Proxecto Construtivo), coa determinación de valores no perímetro do mesmo, considerando todos os elementos que crean campo magnético, establecendose os seguintes valores:

- Cables de evacuación de nivel de tensión 30 kV: 4,184 μ T
- Cables de media tensión de circuítos do parque: 7,912 μ T
- Embarrado das celas de media tensión: 8,414 μ T
- Pletinas co cadro de baixa tensión do edificio: 0,377 μ T



O valor total no cerre perimetral resulta 20,887 μ T inferior ao valor de referencia 100 μ T.

Indicase no Anexo nº4 – Proxecto Construtivo, a recomendación de realización das oportunas medicións, unha vez executadas as instalacións, para comprobación dos valores establecidos no RD 1066/2001, de 28 de setembro.

2.3.2 Augas

•Aguas de consumo

- En fase de obras: indican que dada a proximidade do proxecto a poboación de Agolada, utilizaranse infraestruturas existentes nas zonas máis próximas as obras para ubicar as oficinas, vestiarios e duchas, evitando a xeración de augas fecais e a necesidade de tratamento ou depuración.

- En fase de explotación: indícase que as necesidades de auga potable, dada a escasa presenza de persoal durante a explotación do parque, cubriranse mediante depósito de 500 litros que se encherá periodicamente con camiión alxibe, polo que non se precisan infraestruturas para o abastecemento de auga.

O uso de cisternas para o abastecemento de auga de consumo público deberá cumprir o establecido no artigo 11 do Real Decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo público. Así mesmo, deberá garantirse no depósito a presenza dun desinfectante con efecto residual que acredite o cumprimento do mencionado RD 140/2003, do 7 de febreiro.

Dende esta Dirección Xeral, compróbase que non existen na contorna do proxecto captacións de auga para abastecemento en vixilancia sanitaria pola Consellería de Sanidade, incluídas nas bases de datos do Sistema de Información Nacional de Augas de Consumo (SINAC).

•Aguas superficiais e subterráneas

Entre as actividades de obra susceptibles de producir alteración da calidade das augas, estas son o aporte de sólidos en suspensión ou formigóns e compoñentes como aceites e graxas. Considera isto como un impacto admisible co emprego de medidas correctoras



prescritas no programa de medidas correctoras, especialmente nas localizacións mais próximas a rede fluvial.

Respecto a posibles impactos sobre augas subterráneas consideranse como compatibles, indicando ademais a ausencia de captacións de abastecemento no entorno, por lo que non cabe esperar afeccións sobre as mesmas.

Refiren que os camiños interiores do parque e as plataformas de montaxe, atópanse deseñados para favorecer o drenaxe das escorrentas, de forma que establecece:

- Drenaxes transversais: compostas por tubos ou marcos prefabricados de formigón e pasos inundables para favorecer o paso das escorrentas.
- Cunetas: que impedirán a entrada de auga debaixo da plataforma.

Calquera actuación que afecte ao dominio público hidráulico, precisará ser autorizada polo organismo de bacía competente, debéndose garantir a compatibilidade do proxecto cos usos preexistentes.

- Augas residuais/vertidos
 - Augas residuais sanitarias

As augas residuais producidas serán de escasa entidade e almacenaranse nunha fosa estanca enterrada que baleirarase periodicamente por xestor de residuos autorizado.

2.3.3 Chan

Refiren que os residuos xestionaranse conforme á normativa aplicable en cada caso (residuos sólidos urbanos, residuos tóxicos e perigosos, residuos inertes, etc.). Así mesmo, fíxanse medidas para conseguir unha diminución na xeración de residuos xerados na obra e que se implantará un sistema de clasificación de residuos procedéndose a súa recolección diferenciada atendendo ao tipo de residuo e o seu posterior tratamento ou xestión por xestor autorizado.



- Vertidos de zona de almacenamento e instalacións de obra

Refiren que os materiais almacenaranse e protexeranse da intemperie, evitando o seu deterioro e transformación en residuo. Así mesmo, o almacenamento evitará que se produzan derrames, mesturas entre materiais, roturas de envases, etc.

Os residuos xerados durante a obra xestionaranse por medio dun xestor autorizado.

Indicase a disposición dun almacén próximo aos edificios prefabricados de mando e control que conforman o centro de seccionamento, que almacena os residuos temporais xerados polos traballos que se realicen no propio centro de seccionamento.

- Vertidos procedentes de transformadores a intemperie

Non refiren a dispoñibilidade de pozo de recollida de posibles fugas de aceite baixo os transformadores. Non refiren medidas de seguimento e control ao respecto.

- Residuos perigosos e non perigosos

Identifícase a xeración de residuos perigosos e non perigosos durante as fase de proxecto (de acordo ao código LER). Inclúese unha relación de residuos perigosos e non perigosos de probable xeración durante ditas fases.

Indican que para os residuos xerados separaranse e almacenaranse adecuadamente segundo indica a lexislación aplicable en colectores adecuados aos tipos de residuos que se produzan e debidamente sinalizados. No caso dos residuos perigosos, realizarase sobre unha superficie impermeabilizada e con estruturas que sexan capaces de conter un posible vertido accidental dos residuos. Os residuos xerados retiraranse por xestor autorizado.

Os residuos xerados nas casetas de obra consideranse como Residuos Sólidos Urbanos e xestionaranse segundo a normativa reguladora na área de obra.

Indican que o centro de seccionamiento do parque está conformado por dúas envolventes próximas, un edificio para celas e outra para os sistemas de control e protección e un almacén de residuos adxacente a os edificios prefabricados de celas e control e protección.



- Produtos perigosos

Refírese o uso de aceites e combustibles xerados, identificando os mesmos. Durante a fase de explotación a xeración de residuos procederá principalmente das operacións de mantemento e reparación que efectuaranse de maneira periódica, destacándose como residuos perigosos os aceites hidráulicos e fluídos dieléctricos dos transformadores. En canto ao mantemento da maquinaria de obra todas as operacións de mantemento realizaranse en talleres autorizados, non producíndose xeración de residuos a este respecto.

Dentro de outros posibles tipos de produtos perigosos que puideran ser empregados, non se menciona o uso de biocidas, que no caso da súa utilización, deberá cumprirse a normativa vixente referente a comercialización e emprego dos mesmos.

Menciona o emprego de fitosanitarios (herbicidas), non obstante, no caso da súa utilización deberá cumprirse a normativa vixente referente á comercialización e empregos destes ou a alternativas aos mesmos de ser o caso.

Neste senso, disporanse das fichas de datos de seguridade de todos os materiais perigosos empregados, de maneira que se coñezan e apliquen as especificacións establecidas referentes á manipulación, almacenamento, protección, eliminación, etc.

Indícase que cumpriranse as obrigas e medidas de xestión establecidas polos organismos competentes en relación aos tipos de residuos e produtos perigosos asociados ás instalacións.

2.3.4 Outras consideracións

- Parpadeo de sombras (Shadow Flicker)

Para valorar a zona de influencia do efecto do parpadeo de sombras efectúase un estudo no que se ten en conta un área de estudio arredor das turbinas eólicas, correspondente a aplicación do criterio de multiplicar por 10 o diámetro do rotor das mesmas, que para o presente parque eólico resulta unha distancia de 1.450 mts.



Presentase un estudo de parpadeo de sombras (Anexo 8), con resultados de simulación mediante o software ArcGis para o peor escenario posible, indicando a non superación de 30 horas/ano.

Non obstante, presentaranse os resultados para os escenarios "caso peor" e "caso real ou estadístico", indicando as hipóteses de modelización. No escenario do "caso real" o limiar a considerar para tomar medidas será de 8 h/ano, segundo os criterios de avaliación desta Dirección Xeral recollidos no documento "Alcance do estudo de Impacto Ambiental para parques eólicos": <https://www.sergas.es/Saude-publica/Informes-sanitarios-avaliacion-ambiental>

O proxecto recollerá as medidas a aplicar no caso de superar o limiar e deberase levar a cabo un seguimento específico do parpadeo de sombras durante o primeiro ano de explotación, así como a consideración dos posibles efectos sinérxicos con parques eólicos próximos.

- O proxecto inclúe un apartado onde se analiza a vulnerabilidade do proxecto fronte accidentes graves ou catástrofes, identificando as ameazas potenciais (inundacións, tormentas eléctricas, terremotos, etc.), así como a avaliación de si se producirán as ameazas identificadas. En concreto, da análise presentada, a probabilidade de inundacións é nula (debido a que no ámbito de estudo, non existen áreas con risco de inundación), e ao respecto da probabilidade de ocorrencia de tormentas eléctricas e terremotos, é baixa. En canto a ameazas internas, do estudo efectuado ao respecto de risco químico ou incendios en fase de obra ou explotación, a probabilidade de ocorrencia é moi baixa.

A avaliación do risco ou da necesidade de establecer medidas de xestión do mesmo, en relación aos aspectos mencionados, son ámbito da competencia dos organismos con atribucións en materia de prevención e xestión de riscos derivados de accidentes graves ou catástrofes.

- Non se menciona que no caso de que as instalacións ou actividades a desenvolver durante a fase de obra ou explotación sexan susceptibles de verse afectadas por pragas ou vectores, deberán contemplarse as axeitadas medidas de limpeza, que garantan a seguridade e saúde das persoas, contemplándose de ser o caso un sistema integrado de control específico das mesmas.



3. CONCLUSIÓNS

•O presente informe realízase exclusivamente sobre a documentación remitida, avaliando se no estudio se tiveron en conta, identificaron e valoraron os posibles impactos no medio ambiente que, segundo a evidencia científica dispoñible, puidesen ter unha repercusión na saúde humana.

Da análise da documentación aportada para o parque de Zamorra desenvolvida ao longo do informe, conclúese que non se recolle información ou esta é insuficiente sobre os seguintes aspectos que poden ter repercusións sobre a saúde da poboación, e que estimamos necesario se aporten para a súa consideración polos organismos competentes:

- Con respecto ao ruído, non presenta xustificación do criterio de elección dos puntos de control respecto da vixilancia en fase de obra e en fase de explotación, e especialmente que non se argumenta porque non se ten en consideración para a súa elección como puntos de control as dúas edificacións mais próximas aos aeroxeneradores ZA-04 e ZA-05:

- Edificación a 550 mts do aeroxenerador ZA-04 (coord. UTMX: 576844; UTMY: 4742021).

- Edificación a 545 mts do aeroxenerador ZA-05 (coord. UTMX: 579308; UTMY: 4741703).

- O uso de cisternas para o abastecemento de auga de consumo público deberá cumprir o establecido no artigo 11 do Real Decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo público. Así mesmo, deberá garantirse no depósito a presenza dun desinfectante con efecto residual que acredite o cumprimento do mencionado RD 140/2003, do 7 de febreiro.

- Non refiren a dispoñibilidade de pozo de recollida de posibles fugas de aceite baixo os transformadores. Non refiren medidas de seguimento e control ao respecto.

- Non se menciona o uso de biocidas, que no caso da súa utilización, deberá cumprirse a normativa vixente referente a comercialización e emprego dos mesmos.



◦ Menciona o emprego de fitosanitarios (herbicidas), non obstante, no caso da súa utilización cumprírase a normativa vixente referente á comercialización e empregos destes ou a alternativas aos mesmos de ser o caso.

◦ Deberá presentar os resultados para os escenarios "caso peor" e "caso real ou estadístico", indicando as hipóteses de modelización. No escenario do "caso real" o limiar a considerar para tomar medidas será de 8 h/ano, segundo os criterios de avaliación desta Dirección Xeral recollidos no documento "Alcance do estudo de Impacto Ambiental para parques eólicos":

<https://www.sergas.es/Saude-publica/Informes-sanitarios-avaliacion-ambiental>

O proxecto recollerá as medidas a aplicar no caso de superar o limiar e deberase levar a cabo un seguimento específico do parpadeo de sombras durante o primeiro ano de explotación, así como a consideración dos posibles efectos sinérxicos con parques eólicos próximos.

◦ Non se avalía a existencia nin a necesidade ou non dun plan de control de pragas e vectores en caso de que as instalacións ou actividades a desenvolver durante a fase de obra ou explotación sexan susceptibles de verse afectadas polos mesmos.

Santiago de Compostela, na data e hora da sinatura dixital

O xefe do Servizo de Sanidade Ambiental

Manuel Álvarez Cortiñas

